

SEGUNDA ADDENDA DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

O 22 de outubro de 2024 foi aprobado o Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

O 1 de agosto de 2025 aprobouse a primeira addenda ao dito Plan, que incorporou os plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude específicos da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, segundo a proposta de data do 28 de abril de 2025; do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, segundo a proposta de data do 29 de xullo de 2025; da Fundación Pública Galega de Feiras e Exposicións de Ourense, segundo a proposta de data do 3 de abril de 2025; e da Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada, segundo a proposta de data do 30 de xullo de 2025.

Pois ben, resulta procedente aprobar e incorporar o plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Fundación Pública Artesanía de Galicia, de acordo coa proposta de data do 17 de decembro de 2025.

Con esta addenda o plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude desta consellería queda conformado polos plans específicos que se indican a continuación:

CENTRO DIRECTIVO/ENTIDADE	PROPOSTA DE APROBACIÓN
Secretaría Xeral Técnica	13/09/2024
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais	11/09/2024
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego	27/12/2023
Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social	06/10/2024
Secretaría Xeral da Emigración	19/08/2024
Dirección Xeral de Comercio e Consumo	28/04/2025
Instituto Galego do Consumo e da Competencia	29/07/2025



Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia	14/12/2023
Consello Galego de Relacións Laborais	09/09/2024
Fundación Galega de Formación para o Traballo	12/09/2024
Fundación Pública Galega de Feiras e Exposicións de Ourense	03/04/2025
Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada	30/07/2025
Fundación Pública Artesanía de Galicia	17/12/2025

De acordo con todo o anterior e, en virtude das competencias que me atribúe a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2023,

APROBO

A segunda addenda do plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, aprobado o 22 de outubro de 2024, que se insire a continuación.

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

José González Vázquez

(asinado dixitalmente á marxe deste documento)



SEGUNDA ADDENDA DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	1
2. CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA.....	1
.....	1
3. RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS.....	2
3.1 A CONSELLERÍA.....	2
3.2 RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS.....	2
4. ANEXOS.....	3
4.1 PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA.....	3
4.2 PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS... ..	3
4.3 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO.....	3
4.4 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL.....	3
4.5 PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN.....	3
4.6 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO.....	3
4.7 PLAN ESPECÍFICO DO INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA.....	3
4.8 PLAN ESPECÍFICO DO INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA..	3
4.9 PLAN ESPECÍFICO DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS.....	3
4.10 PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN GALEGA DE FORMACIÓN PARA O TRABALLO....	3
4.11 PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE.....	3
4.12 PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DE A ESTRADA 3	
4.13 PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN PÚBLICA ARTESANÍA DE GALICIA.....	4



1. INTRODUCCIÓN

O 19 de maio de 2023 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia, que substitúe ao anterior plan xeral do 10 de decembro de 2021 e que se enmarca dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

O Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude (PXMA) prevé que as persoas titulares das consellerías da Xunta de Galicia aproben os seus propios plans, que estarán integrados polos dos seus centros directivos e das entidades instrumentais do sector público autonómico adscritas a elas.

De conformidade con estas previsións, o 22 de outubro de 2024 a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración aprobou o seu Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, mentres que o 1 de agosto de 2025 aprobouse a primeira addenda ao dito Plan, que incluíu os plans específicos de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, o Instituto Galego do Consumo e da Competencia, a Fundación Pública Galega de Feiras e Exposicións de Ourense e a Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada.

O presente documento inclúe o plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Fundación Pública Artesanía de Galicia.



2. CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA

Norma reguladora

Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (en diante, Decreto 147/2024, do 20 de maio).

Competencias

Segundo o artigo 1 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, a Consellería de Empleo, Comercio e Emigración é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponden, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución:

- a) Propor, deseñar, coordinar e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral e do emprego, que engloba, ente outras, as competencias en materia de políticas activas de emprego, emprendemento, emprego autónomo, cooperativas e outras entidades de economía social, formación para o emprego, orientación e colocación, intermediación laboral, así como política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, e responsabilidade social empresarial.
- b) Promover e impulsar o diálogo social na Xunta de Galicia, como elemento clave para facer fronte aos retos do emprego, sen prexuízo da súa transversalidade e das áreas competenciais do resto das consellerías.
- c) As relacións e o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento.
- d) A promoción de medidas que favorezan o retorno a Galicia dos galegos residentes no exterior e faciliten a súa integración na sociedade galega.
- e) A planificación, coordinación e control do comercio interior e exterior, artesanía e consumo.



Estrutura

O artigo 2 do Decreto establece que, para o exercicio das súas funcións, esta Consellería se estrutura nos seguintes órganos superiores e de dirección:

1. Conselleiro/a.
2. Secretaría Xeral Técnica.
3. Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.
 - 3.1. Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.
 - 3.2. Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.
4. Secretaría Xeral da Emigración.
5. Dirección Xeral de Comercio e Consumo.
6. Direccións territoriais.

No artigo 3 adscribíense a esta consellería as seguintes entidades:

- a) O organismo autónomo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia
- b) O ente público Consello Galego de Relacións Laborais
- c) O organismo autónomo Instituto Galego do Consumo e da Competencia

3. RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS

Sen prexuízo das funcións e responsabilidades previstas no PXMA respecto da Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de prevención de riscos de xestión, e demais órganos transversais, concréntanse neste plan as previsións aplicables a cada centro directivo e entidade desta Consellería.

3.1 A CONSELLERÍA

O compromiso desta Consellería asúmese mediante a aprobación, por parte da persoa titular respectiva, deste plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude que agrupa todos os plans específicos dos diferentes centros directivos que forman parte da súa estrutura e os das entidades adscritas a ela.



Ademais, tal compromiso implica, entre outras, a responsabilidade de divulgar entre o persoal da consellería os riscos identificados e os mecanismos de detección previstos para que se involucre nun ecosistema de control e execución das medidas programadas.

3.2 RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS

O PMXA prevé que os órganos ou as unidades responsables de integridade e prevención de riscos previstas no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 para as consellerías e as entidades velarán polo cumprimento das medidas incluídas neste plan, actuarán como interlocutores cos órganos transversais na materia e informarán directamente ao órgano superior das eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa súa aplicación.

Así mesmo, cada centro directivo poderá designar no seu plan específico unha persoa de apoio aos responsables de integridade e prevención de riscos da consellería, no seu ámbito concreto de actuación.

De acordo co indicado no PXMA, neste plan procédese a designar como órgano ou unidade responsable de integridade e prevención de riscos desta Consellería á persoa titular da vicesecretaría xeral.

Así mesmo, os órganos ou unidades responsables de integridade e prevención de riscos no ámbito de actuación das entidades instrumentais adscritas a esta Consellería, aparecen designados no seus respectivos plans específicos.

4. ANEXOS

4.1 PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

4.2 PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

4.3 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO

4.4 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

4.5 PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN





4.6 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO

4.7 PLAN ESPECÍFICO DO INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA

4.8 PLAN ESPECÍFICO DO INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

4.9 PLAN ESPECÍFICO DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

4.10 PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN GALEGA DE FORMACIÓN PARA O TRABALLO

4.11 PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE

4.12 PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DE A ESTRADA

4.13 PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN PÚBLICA ARTESANÍA DE GALICIA

